Sobre os datos relativos ás alegacións presentadas polos veciños, por institucións e por colectivos do concello de Valdoviño á redacción do Plan de ordenación do litoral de Galicia durante o período de información pública da súa aprobación inicial

BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/4PRE-9299(57374) (64223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Táboas Veleiro, María Teresa e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre os datos relativos ás alegacións presentadas polos veciños, por institucións e por colectivos do concello de Vimianzo á redacción do Plan de ordenación do litoral de Galicia durante o período de información pública da súa aprobación inicial

BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/4PRE-9302(57472) (64223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Táboas Veleiro, María Teresa e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre os datos relativos ás alegacións presentadas polos veciños, por institucións e por colectivos do concello de Baiona á redacción do Plan de ordenación do litoral de Galicia durante o período de información pública da súa aprobación inicial

BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/4PRE-9303(57473) (64223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Táboas Veleiro, María Teresa e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre os datos relativos ás alegacións presentadas polos veciños, por institucións e por colectivos do concello de Bueu á redacción do Plan de ordenación do litoral de Galicia durante o período de información pública da súa aprobación inicial

BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/4PRE-9304(57474) (64223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Táboas Veleiro, María Teresa e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre os datos relativos ás alegacións presentadas polos veciños, por institucións e por colectivos do concello de Cambados á redacción do Plan de ordenación do litoral de Galicia durante o período de información pública da súa aprobación inicial

BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/4PRE-9305(57475) (64223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Táboas Veleiro, María Teresa e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre os datos relativos ás alegacións presentadas polos veciños, por institucións e por colectivos do concello de Cangas á redacción do Plan de ordenación do litoral de Galicia durante o período de información pública da súa aprobación inicial

BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/4PRE-9306(57476) (64223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Táboas Veleiro, María Teresa e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre os datos relativos ás alegacións presentadas polos veciños, por institucións e por colectivos do concello de Catoira á redacción do Plan de ordenación do litoral de Galicia durante o período de información pública da súa aprobación inicial

BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/4PRE-9307(57477) (64223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Táboas Veleiro, María Teresa e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre os datos relativos ás alegacións presentadas polos veciños, por institucións e por colectivos do concello de Gondomar á redacción do Plan de ordenación do litoral de Galicia durante o período de información pública da súa aprobación inicial

BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/4PRE-9308(57479) (64223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Táboas Veleiro, María Teresa e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre os datos relativos ás alegacións presentadas polos veciños, por institucións e por colectivos do concello de Moaña á redacción do Plan de ordenación do litoral de Galicia durante o período de información pública da súa aprobación inicial

BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/4PRE-9309(57482) (64223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Táboas Veleiro, María Teresa e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre os datos relativos ás alegacións presentadas polos veciños, por institucións e por colectivos do concello de Vilaboá á redacción do Plan de ordenación do litoral de Galicia durante o período de información pública da súa aprobación inicial

BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/4PRE-9310(57483) (64223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Táboas Veleiro, María Teresa e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre os datos relativos ás alegacións presentadas polos veciños, por institucións e por colectivos do concello de Vigo á redacción do Plan de ordenación do litoral de Galicia durante o período de información pública da súa aprobación inicial

BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/4PRE-9311(57484) (64223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Táboas Veleiro, María Teresa e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre os datos relativos ás alegacións presentadas polos veciños, por institucións e por colectivos do concello de Valga á redacción do Plan de ordenación do litoral de Galicia durante o período de información pública da súa aprobación inicial

BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/4PRE-9312(57485) (64223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Táboas Veleiro, María Teresa e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre os datos relativos ás alegacións presentadas polos veciños, por institucións e por colectivos do concello de Tui á redacción do Plan de ordenación do litoral de Galicia

durante o período de información pública da súa aprobación inicial

BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/4PRE-9313(57486) (64223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Táboas Veleiro, María Teresa e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre os datos relativos ás alegacións presentadas polos veciños, por institucións e por colectivos do concello da Illa de Arousa á redacción do Plan de ordenación do litoral de Galicia durante o período de información pública da súa aprobación inicial

BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/4PRE-9314(57487) (64223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Táboas Veleiro, María Teresa e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre os datos relativos ás alegacións presentadas polos veciños, por institucións e por colectivos do concello de Marín á redacción do Plan de ordenación do litoral de Galicia durante o período de información pública da súa aprobación inicial

BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/4PRE-9315(57491) (64223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Táboas Veleiro, María Teresa e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre os datos relativos ás alegacións presentadas polos veciños, por institucións e por colectivos do concello de Meaño á redacción do Plan de ordenación do litoral de Galicia durante o período de información pública da súa aprobación inicial

BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/4PRE-9316(57492) (64223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Táboas Veleiro, María Teresa e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre os datos relativos ás alegacións presentadas polos veciños, por institucións e por colectivos do concello de Nigrán á redacción do Plan de ordenación do litoral de Galicia durante o período de información pública da súa aprobación inicial

BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/4PRE-9317(57493) (64223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Táboas Veleiro, María Teresa e Sánchez Montenegro, Isabel

Sobre os datos relativos ás alegacións presentadas polos veciños, por institucións e por colectivos do concello do Grove á redacción do Plan de ordenación do litoral de Galicia durante o período de información pública da súa aprobación inicial

BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/4PRE-9318(57494) (64223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Táboas Veleiro, María Teresa e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre os datos relativos ás alegacións presentadas polos veciños, por institucións e por colectivos do concello do Rosal á redacción do Plan de ordenación do litoral de Galicia durante o período de información pública da súa aprobación inicial

BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/4PRE-9319(57495) (64223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Táboas Veleiro, María Teresa e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre os datos relativos ás alegacións presentadas polos veciños, por institucións e por colectivos do concello de Oia á redacción do Plan de ordenación do litoral de Galicia durante o período de información pública da súa aprobación inicial

BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/4PRE-9320(57496) (64223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Táboas Veleiro, María Teresa e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre os datos relativos ás alegacións presentadas polos veciños, por institucións e por colectivos do concello de Poio á redacción do Plan de ordenación do litoral de Galicia durante o período de información pública da súa aprobación inicial

BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/4PRE-9321(57497) (64223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Táboas Veleiro, María Teresa e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre os datos relativos ás alegacións presentadas polos veciños, por institucións e por colectivos do concello de Pontecesures á redacción do Plan de ordenación do litoral de Galicia durante o período de información pública da súa aprobación inicial

BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/4PRE-9322(57498) (64223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Táboas Veleiro, María Teresa e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre os datos relativos ás alegacións presentadas polos veciños, por institucións e por colectivos do concello de Pontevedra á redacción do Plan de ordenación do litoral de Galicia durante o período de información pública da súa aprobación inicial

BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/4PRE-9323(57499) (64223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Táboas Veleiro, María Teresa e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre os datos relativos ás alegacións presentadas polos veciños, por institucións e por colectivos do concello de Redondela á redacción do Plan de ordenación do litoral de Galicia durante o período de información pública da súa aprobación inicial

BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/4PRE-9324(57500) (64223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Táboas Veleiro, María Teresa e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre os datos relativos ás alegacións presentadas polos veciños, por institucións e por colectivos do concello de Ribadumia á redacción do Plan de ordenación do litoral de Galicia durante o período de información pública da súa aprobación inicial

BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/4PRE-9325(57501) (64223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Táboas Veleiro, María Teresa e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre os datos relativos ás alegacións presentadas polos veciños, por institucións e por colectivos do concello de Salvaterra de Miño á redacción do Plan de ordenación do litoral de Galicia durante o período de información pública da súa aprobación inicial

BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/4PRE-9326(57502) (64223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Táboas Veleiro, María Teresa e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre os datos relativos ás alegacións presentadas polos veciños, por institucións e por colectivos do concello de Sanxenxo á redacción do Plan de ordenación do litoral de

Galicia durante o período de información pública da súa aprobación inicial

BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/4PRE-9327(57503) (64223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Táboas Veleiro, María Teresa e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre os datos relativos ás alegacións presentadas polos veciños, por institucións e por colectivos do concello de Soutomaior á redacción do Plan de ordenación do litoral de Galicia durante o período de información pública da súa aprobación inicial

BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/4PRE-9328(57504) (64223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Táboas Veleiro, María Teresa e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre os datos relativos ás alegacións presentadas polos veciños, por institucións e por colectivos do concello de Tomiño á redacción do Plan de ordenación do litoral de Galicia durante o período de información pública da súa aprobación inicial

BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/4PRE-9329(57505) (64223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Táboas Veleiro, María Teresa e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre os datos relativos ás alegacións presentadas polos veciños, por institucións e por colectivos do concello de Vilanova de Arousa á redacción do Plan de ordenación do litoral de Galicia durante o período de información pública da súa aprobación inicial

BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/4PRE-9330(57506) (64223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Táboas Veleiro, María Teresa e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre os datos relativos ás alegacións presentadas polos veciños, por institucións e por colectivos do concello de Vilagarcía de Arousa á redacción do Plan de ordenación do litoral de Galicia durante o período de información pública da súa aprobación inicial

BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/4PRE-9331(57525) (64223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Táboas Veleiro, María Teresa e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre os datos relativos ás alegacións presentadas polos veciños, por institucións e por colectivos do concello de Barreiros á redacción do Plan de ordenación do litoral de Galicia durante o período de información pública da súa aprobación inicial

BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/4PRE-9332(57526) (64223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Táboas Veleiro, María Teresa e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre os datos relativos ás alegacións presentadas polos veciños, por institucións e por colectivos do concello de Burela á redacción do Plan de ordenación do litoral de Galicia durante o período de información pública da súa aprobación inicial

BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/4PRE-9333(57527) (64223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Táboas Veleiro, María Teresa e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre os datos relativos ás alegacións presentadas polos veciños, por institucións e por colectivos do concello de Cervo á redacción do Plan de ordenación do litoral de Galicia durante o período de información pública da súa aprobación inicial

BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/4PRE-9334(57529) (64223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Táboas Veleiro, María Teresa e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre os datos relativos ás alegacións presentadas polos veciños, por institucións e por colectivos do concello de Foz á redacción do Plan de ordenación do litoral de Galicia durante o período de información pública da súa aprobación inicial

BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/4PRE-9335(57531) (64223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Táboas Veleiro, María Teresa e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre os datos relativos ás alegacións presentadas polos veciños, por institucións e por colectivos do concello do Vicedo á redacción do Plan de ordenación do litoral de Galicia durante o período de información pública da súa aprobación inicial

BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/4PRE-9336(57532) (64223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Táboas Veleiro, María Teresa e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre os datos relativos ás alegacións presentadas polos veciños, por institucións e por colectivos do concello de Ribadeo á redacción do Plan de ordenación do litoral de Galicia durante o período de información pública da súa aprobación inicial

BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/4PRE-9337(57534) (64223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Táboas Veleiro, María Teresa e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre os datos relativos ás alegacións presentadas polos veciños, por institucións e por colectivos do concello de Trabada á redacción do Plan de ordenación do litoral de Galicia durante o período de información pública da súa aprobación inicial

BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/4PRE-9338(57538) (64223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Táboas Veleiro, María Teresa e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre os datos relativos ás alegacións presentadas polos veciños, por institucións e por colectivos do concello de Xove á redacción do Plan de ordenación do litoral de Galicia durante o período de información pública da súa aprobación inicial

BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/4PRE-9339(57539) (64223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Táboas Veleiro, María Teresa e Sánchez Montenegro, Isabel

Sobre os datos relativos ás alegacións presentadas polos veciños, por institucións e por colectivos do concello de Viveiro á redacción do Plan de ordenación do litoral de Galicia durante o período de información pública da súa aprobación inicial

BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/4PRE-9460(58260) (64076)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Viéitez Alonso, Henrique

Sobre a resolución das preguntas formuladas polos participantes e outras entidades no concurso eólico

BOPG núm. 407, do 10.02.2011

- 08/4PRE-9569(58680) (64268)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Blanco Álvarez, Fernando Xabier

Sobre a evolución do emprego, dos desequilibrios territoriais e da actividade económica na provincia de Lugo desde a posta en marcha do Plan Impulsa Lugo

BOPG núm. 412, do 17.02.2011

- 08/4PRE-9619(59016) (64089)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito e Táboas Veleiro, María Teresa
Sobre as razóns da eliminación do Club de Lectura en Língua Galega na Biblioteca Pública de Pontevedra
BOPG núm. 412, do 17.02.2011

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2011

José Manuel Baltar Blanco
Vicepresidente 1.º





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coas preguntas con resposta escrita **núms.: 57302, 57323 a 57334, 57339 a 57374, 57471 a 57477, 57479, 57482 a 57487, 57491 a 57506, 57525, 57526, 57527, 57529, 57531, 57532, 57534, 57538 e 57539**, formuladas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Teresa Táboas Velerio e dona Isabel Sánchez Montenegro, sobre **"os datos relativos ás alegacións presentadas polos veciños, por institucións e por colectivos de diversos concellos galegos á redacción do Plan de ordenación do litoral de Galicia durante o período de información pública da súa aprobación inicial"**, (publicadas nos BOPG 399 e 401 do ano 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas** o seguinte contido:

"As alegacións presentadas durante o período de información pública da aprobación inicial do Plan de Ordenación do Litoral, publicada no DOG do 30 de xullo de 2010, constan no informe do proceso de participación pública e consultas publicado na páxina web da Xunta de Galicia.

Durante o tempo en que a aprobación inicial do Plan de ordenación do litoral estivo exposta ao público, logo da aprobación inicial, recibíronse un total de 4.609 escritos con alegacións e 13 informes de departamentos autonómicos e estatais.



A distribución entre os distintos tipos de alegantes dos 4.609 escritos recibidos amósase na seguinte táboa, na cal se evidencia o significativo predominio das alegacións recibidas de particulares en canto ao seu número e a elevada participación dos concellos do ámbito de xestión do Plan de Ordenación do Litoral, con case o 75% deles.

A análise das 4.609 alegacións amosou que só algo menos do 20% se correspondían con alegacións totalmente diferentes.

Tipos de alegacións

Tipo de alegante/ informante	Diferentes	Similares a outras	Idénticas a outras	Total xeral
Concello	59	1	1	61
Organización	76	5	368	449
Empresa	125	13	9	147
Particular	629	101	3.222	3.952
Total xeral	889	120	3.600	4.609

A análise destas alegacións e informes supuxo o estudo de case 3.695 puntos ou cuestións diferentes nos que se puido desagregar o seu contido.

Para o estudo e análise destas alegacións procedeuse á súa agrupación e caracterización nunha serie de tipos de alegacións (preto de 85), os cales a súa vez se englobaron nos grupos de: Legalidade, Modelo (Compresión e Aspectos pormenorizados) e Aplicación (Compresión, Aspectos pormenorizados e Información).

A distribución xeral das cuestións nestes grupos foi a seguinte:

-Legalidade: 30%

-Modelo: 53%

-Aplicación: 17%



1. Legalidade (L)

Por unha banda atópanse aquelas alegacións que cuestionan determinados aspectos que se denominaron de legalidade do Plan de Ordenación do Litoral. Fundamentalmente teñen que ver coa súa natureza, a relación coas Directrices de Ordenación do Territorio, o alcance, os obxectivos e funcións, a documentación e o ámbito do mesmo, así como a prevalenza do Plan de Ordenación do Litoral fronte ao planeamento municipal. Todos eles, aspectos xa aclarados logo do trámite previo de audiencia e cumpridamente documentados no Capítulo 1. Marco xurídico do Título I. Metodoloxía de elaboración do Plan de Ordenación do Litoral do Documento de Aprobación inicial.

Inclúense neste grupo do mesmo xeito unha serie de cuestións alleas ao Plan de Ordenación do Litoral como son a petición por parte dos interesados de que o Plan se pronuncie sobre aspectos tales como a servidume de protección de costas, recolla determinadas clasificacións ou cualificacións de solos non incorporadas ao planeamento vixente ou altere os ámbitos dos espazos naturais protexidos entre outros.

Para rematar atópanse tamén neste grupo aquelas alegacións que cuestionan aspectos ligados á súa tramitación en relación co procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica (AAE), a orde de suspensión ou o período de participación ou información pública.

2. Modelo (M)

Incorpóranse neste grupo o conxunto de alegacións que alegan cuestións en relación á interpretación do modelo territorial do Plan de Ordenación do Litoral. Para iso dividíronse en:



- 2.1. Modelo. Comprensión (MC)

Inclúense neste conxunto os tipos relativos á comprensión do alcance das series cartográficas, especialmente as de Modelo Territorial, a posibilidade de axustar os corredores en base a estudos pormenorizados e proposta e tratamento integral polo planeamento urbanístico, a delimitación dos ámbitos de recualificación, as determinacións nas distintas áreas continuas e descontinuas do Plan de Ordenación do Litoral, especialmente a de mellora ambiental ou o tratamento das infraestruturas, entre outros.

Tamén se incorporan neste grupo o conxunto de alegacións que cuestionan o modelo do Plan de Ordenación do Litoral. É curioso neste senso verificar como aquelas que defenden formulacións que se poderían denominar municipalistas, esixen que o Plan de Ordenación do Litoral se realice incorporando os planeamentos vixentes, ata aqueles que están en tramitación xunto co planeamento sectorial sen que estes sufran alteración ningunha, e aqueloutros que defenden formulacións conservacionistas esixindo a protección absoluta sen posibilidade edificatoria ningunha de grandes espazos contemplados no ámbito.

Trátase de cuestións non xa de legalidade, senón de oportunidade, de modelo, de gobernanza do territorio. O Plan de Ordenación do Litoral realízase desde formulacións integradoras da conservación e posta en valor dos espazos e elementos identitarios do litoral de Galicia co obxectivo de alcanzar un modelo de desenvolvemento sostible baseado en criterios de perdurabilidade e sustentabilidade. Por todos eles entendéronse improcedentes este conxunto de alegacións.

Quizais unha das cuestións máis debatidas foi a interpretación dos ámbitos excluídos da aplicación do Plan de Ordenación do Litoral así como o seu réxime transitorio.



2.2. Aspectos pormenorizados do Modelo (MP).

A gran maioría deles propón eliminar ou incluír espazos concretos nalgunha das áreas continuas ou descontinuas do Plan, alterar a caracterización do sistema de asentamentos, ou das praias, incluír ou excluír núcleos de identidade do litoral, alterar ou suprimir a liña de dinámica litoral. Tamén se incorporan neste conxunto de alegacións aquelas que manifestan dúbidas sobre a delimitación das unidades de paisaxe, o seu alcance e a interpretación dos seus contidos. Tamén aquelas que solicitan que non se esixan informes de Estudos de impacto e integración paisaxística (EIIP).

A xestión da paisaxe incorporouse de xeito recente á lexislación galega, mediante a Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe. Moitos dos conceptos e metodoloxías relativos a esta nova disciplina parecen aínda distantes para boa parte da cidadanía.

3. Aplicación (G)

Incorpóranse neste grupo o conxunto de alegacións con cuestións en relación á aplicación do modelo territorial do POL. Para iso dividíronse en dos subgrupos:

- 3.1. Aplicación. Comprensión (GC), relativas a cuestións de comprensión ligadas ao desenvolvemento e xestión do Plan de Ordenación do Litoral tales como a legalidade das actuacións previas, o tratamento das edificacións existentes, o desenvolvemento dos núcleos, os desenvolvementos urbanísticos, a precisión e escala ou a distinta zonificación establecida e a regulación de usos, entre outros.

3.2. Aplicación. Aspectos pormenorizados da xestión (GP). Trátase de cuestións ligadas á actualización da cartografía, a coordinación e colaboración administrativa, os prazos para os desenvolvementos urbanísticos en función do estado e natureza do planeamento precedente,



na incorporación ou exclusión de determinados usos nas distintas áreas continuas e descontinuas do POL, o tratamento da senda, a regulación dos indicadores contidos no ISA, o cambio do grao de compatibilidade, a inclusión dunha listaxe exhaustiva dos graos así como cuestión concretas do articulado.

3.3. Información (GI). Este conxunto recolle todas aquelas alegacións que incorporan documentación para facilitar a aplicación e xestión do POL, tanto sobre a súa cartografía, como o texto, o estado do planeamento urbanístico ou a toponimia. Todas elas analizáronse e contrastáronse coas fontes dispoñibles procedendo á súa estimación ou desestimación en función da súa adecuación aos criterios e metodoloxía empregada.

A modo de resume, o balance da integración das cuestións analizadas nas alegacións foi o seguinte: o 52% das cuestións solicitadas xa se atopaban incluídas e xustificadas no documento aprobado inicialmente ou ben se corresponden con aspectos ou cuestións que segundo a lexislación vixente non resulta apropiada a súa formulación.

Algo máis do 35% correspóndense con cuestións que foron desestimadas por non ser acorde coa metodoloxía empregada de análise e valoración ou ben nas propias propostas do modelo territorial que se está a formular co Plan de ordenación do litoral ou non aportaban argumentos suficientes.

O 12% restante dos puntos analizados foron integrados total ou parcialmente no POL.

Así, pódese afirmar que o trámite de participación pública do Plan de Ordenación do Litoral serviu para reforzar a motivación e o contido do mesmo, dotando de seguridade xurídica a súa tramitación. É importante destacar que a metodoloxía e o modelo do documento non sufriron cambio algún coa integración das cuestións estimadas.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 58260**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Henrique Viéitez Alonso, sobre **"a resolución das preguntas formuladas polos participantes e outras entidades no concurso eólico"**, (publicada no BOPG núm.: 407, do 10 de febreiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"Ao contido das cuestións da devandita iniciativa parlamentaria, deuse resposta no Pleno do Parlamento celebrado o 22/23-02/2011 ao dar resposta á iniciativa 58377. Na intervención levada a cabo polo Conselleiro de Economía e Industria expúxose de xeito pormenorizado a situación existente ao respecto, remitíndonos ao expresado nesa sesión debido a claridade e a extensión de contido a outras cuestións que exceden do solicitado nesta."



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 58680**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Fernando Xabier Blanco Álvarez, sobre **"a evolución do emprego, dos desequilibrios territoriais e da actividade económica na provincia de Lugo desde a posta en marcha do Plan Impulsa Lugo"**, (publicada no BOPG núm.: 412, do 17 de febreiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"Ao contido das cuestións da presente iniciativa parlamentaria deuse resposta, en tempo e forma, na sesión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos do 24/02/2011, ao contestar á pregunta 58681, do mesmo deputado e tema. Nas intervencións levadas a cabo polo director xeral do IGAPE expúxose de xeito pormenorizado a situación existente ao respecto, remitíndonos ao contido das mesmas debido a claridade e a extensión de contido a outras cuestións que exceden do solicitado nesta."



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/bl

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 59016**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Teresa Táboas Veleiro e don Bieito Lobeira Domínguez, sobre **"as razóns da eliminación do Club de Lectura en Lingua Galega na Biblioteca Pública de Pontevedra"**, (publicada no BOPG núm. 412, do 17 de febreiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"Como consecuencia do actual marco de redución do gasto público autonómico a Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos dependente da Consellería de Cultura e Turismo veuse na obriga de realizar unha reasignación dos seus programas, comunicando recentemente ás bibliotecas nodais as cantidades coas que contarán ao longo do presente ano para a realización de actividades de animación á lectura, sendo as propias bibliotecas nodais as responsables de realizar a programación das súas actividades anuais en función dese orzamento concedido. Estas foron as razóns que levaron á Biblioteca Nodal de Pontevedra a reaxustar a súas actividades, estando xa a funcionar o Club de Lectura en Lingua Galega.

Este Club de Lectura en Lingua Galega foi o primeiro en crearse na Biblioteca Nodal de Pontevedra precisamente co fin de animar e promover á lectura na lingua propia de Galicia, non existindo en ningún momento intención algunha de supresión do mesmo.

A defensa e a promoción da lingua e da cultura galegas son o principio básico que imbúe todas e cada unha das liñas de acción emprendidas dende a



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Consellería de Cultura e Turismo, entendendo que constitúen non só as máis xenuínas aportacións do pobo galego ao patrimonio común da humanidade, senón tamén unha ferramenta fundamental para o crecemento cultural de Galicia.

Recoñecendo o valor estratéxico e prioritario da lectura e do sector do libro como instrumentos básicos para a promoción e divulgación da lingua e da cultura galegas, a Xunta de Galicia acordou declarar o pasado ano 2010 como Ano do Libro e da Lectura de Galicia, así como elevar o sector do libro ao nivel de Dirección Xeral, a través da recente modificación da estrutura da Consellería de Cultura e Turismo pola que se creou a Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos.

Así mesmo, logo do impulso concreto dado á promoción dos clubs de lectura co gallo do Ano do Libro e da Lectura en Galicia, continúanse a fomentar este tipo de actividades dende as bibliotecas nodais, sendo moi demandadas polos propios usuarios e, ao tempo, moi ben valoradas polos participantes nos distintos clubs existentes na nosa Comunidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
 - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
 - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
 2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
 - 2.1 INVESTIDURA
 - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
 - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
 3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
 - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
 - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
 - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
 - 3.5 MOCIÓNS
 - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
 - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
 - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
 - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
 4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
 - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
 - 4.2 INTERPELACIÓNS
 - 4.3 PREGUNTAS
 - 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
 - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
 5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
 - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
 - 5.3 VALEDOR DO POBO
 - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
 - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
 - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
 - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
 - 6.5 VOGAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
 - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
 - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
 - 6.8 VOGAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
 - 6.9 VOGAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
 - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
 - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
 - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
 - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
 8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
 - 8.2 PERSOAL
 - 8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
 - 9.1 INFORMACIÓNS
 - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS
-



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727